

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12208 *Real decreto 1162/2009, do 10 de xullo, polo que se modifica o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro.*

Este decreto ten por obxecto principal a modificación do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, coa finalidade de adaptar a regulación dos procedementos de autorización inicial de residencia e traballo que se regulan nel aos requirimentos derivados do traspaso ás comunidades autónomas da competencia executiva que, en materia de autorización inicial de traballo dos estranxeiros, recoñecen determinados estatutos de autonomía.

No ordenamento xurídico español en materia de estranxeiría e inmigración a concesión a un estranxeiro da posibilidade de traballar vincúlase á posibilidade de que este estranxeiro sexa residente en España. Por tanto, unha vez que se faga efectivo o traspaso das referidas competencias en materia de autorización inicial de traballo dos estranxeiros ás comunidades autónomas concorrerán no correspondente procedemento administrativo dúas administracións públicas: unha, a autoridade laboral autonómica, que resolverá sobre a concesión da posibilidade de traballar, por conta allea ou por conta propia, ao abeiro da autorización de residencia e traballo solicitada; outra, a autoridade estatal competente en materia de residencia de estranxeiros, que resolverá sobre a posibilidade de que o estranxeiro resida en España, ao abeiro desta solicitude de autorización de residencia e traballo.

A intervención de dúas administracións públicas diferentes no procedemento de autorización inicial de residencia e traballo non debe producir, en ningún caso, alteración ou deterioración do servizo que se presta á cidadanía, nin afectar tampouco, por outra parte, o exercicio das competencias que teñen recoñecidas especificamente cada unha das administracións públicas.

Razóns de eficacia e de seguranza xurídica fan, por tanto, imprescindible establecer unha adecuada coordinación das administracións públicas nos procedementos que se regulan no Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, co fin de establecer un procedemento áxil e eficaz.

Por outra parte, polas indicadas razóns, é conveniente ademais facer unha regulación máis diferenciada dos aspectos relativos á autorización de residencia e dos relativos á autorización de traballo.

En consecuencia, aínda que no procedemento interveñan dúas administracións públicas diferentes, o empresario ou empregador que pretenda contratar un traballador estranxeiro só deberá presentar unha única solicitude de autorización de residencia e traballo e farao ante unha única Administración a través do órgano que sexa competente para a súa tramitación. Así mesmo, os interesados recibirán unha única resolución en resposta á súa solicitude de autorización de residencia e traballo, na cal se conterán os pronunciamentos concretos de cada unha das administracións públicas.

Tendo en conta o anterior, os aspectos máis relevantes do procedemento de autorización de residencia e traballo que se aplica cando nel interveñan a Administración xeral do Estado e a Administración autonómica correspondente, son os seguintes:

– A iniciación do procedemento corresponderá ao órgano competente da comunidade autónoma, que se deberá coordinar necesariamente co órgano competente da

Administración xeral do Estado en relación co ámbito da residencia e garantirlle, así mesmo, o coñecemento en tempo real das solicitudes.

– A resolución da indicada solicitude corresponderá en cada caso á Administración que sexa competente, aínda que as autoridades ás cales corresponda resolver de cada unha delas deberán ditar de maneira coordinada e concordante unha resolución conxunta, concedendo ou denegando a autorización de residencia e traballo solicitada. Esta resolución conxunta será expedida polo órgano competente da comunidade autónoma e asinada polos titulares de cada un dos órganos competentes de cada unha das administracións.

– A resolución conxunta será notificada aos interesados polo órgano competente da comunidade autónoma nos prazos e forma establecidos na normativa vixente.

– Por último, a resolución poderá ser impugnada ante os órganos que a asinen, aínda que será resolta de forma conxunta e concordante polos titulares dos órganos competentes de ambas as administracións e será notificada aos interesados polo órgano competente da comunidade autónoma correspondente.

Similares criterios aplicaranse en relación coa autorización inicial de residencia e traballo por conta propia, aínda que coa particularidade de que neste caso o inicio e impulso da tramitación corresponderá inicialmente á misión diplomática ou consular correspondente.

Por outro lado, a competencia do Estado en materia de inmigración necesita para a súa conformación e desenvolvemento da máis completa información, cuantitativa e cualitativa, dos fluxos migratorios no conxunto do territorio español. Pola súa parte, as comunidades autónomas deben dispoñer da información relativa ás renovacións das autorizacións que se concedan a partir das autorizacións iniciais de traballo que concedesen, xa que para elas é do máximo interese coñecer a traxectoria dos inmigrantes que estiveron ou están traballando no seu territorio.

Como consecuencia do anteriormente sinalado e para garantir a coordinación entre as administracións públicas competentes, inclúense disposicións sobre a xestión electrónica dos procedementos.

Este real decreto foi coñecido pola Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, que emitiu informe, así como polas organizacións sindicais e empresariais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior, de Traballo e Inmigración, e da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro.*

O Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 49 queda redactado da seguinte maneira:

«2. A autorización inicial de residencia e traballo por conta allea terá unha duración dun ano e poderase limitar a un ámbito xeográfico e sector de actividade determinado nos termos establecidos na normativa estatal aplicable.

Cando a comunidade autónoma tiver recoñecidas competencias en materia de autorización inicial de traballo poderá fixar o ámbito xeográfico da autorización inicial dentro do seu territorio.»

Dous. O artigo 50 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 50. *Requisitos.*

1. Para a concesión dunha autorización de residencia temporal e traballo por conta allea será necesario acreditar, en cada caso, os requisitos que se establecen neste artigo relativos ao ámbito da residencia e laboral, respectivamente.

2. Será necesario acreditar as seguintes condicións, relativas ao ámbito da residencia, referidas aos estranxeiros que se pretendan contratar:

- a) Que non se encontran irregularmente en territorio español.
- b) Que carecen de antecedentes penais en España e nos seus países anteriores de residencia por delitos existentes no ordenamento español.

3. Por outra parte, será necesario acreditar as seguintes condicións relativas ao ámbito laboral:

a) Que a situación nacional de emprego permita a contratación do traballador estranxeiro.

Para os efectos de determinar esta situación nacional de emprego, o Servizo Público de Emprego Estatal elaborará, con periodicidade trimestral e logo de consulta da Comisión Laboral Tripartita de Inmigración, un catálogo de ocupacións de difícil cobertura, para cada provincia ou demarcación territorial que, se é o caso, estableza a correspondente comunidade autónoma, así como para Ceuta e Melilla, excepto nas provincias insulares, onde o catálogo se poderá establecer para cada illa ou agrupación delas, de acordo coa información subministrada polos servizos públicos de emprego autonómicos. Este catálogo estará baseado na información dispoñible sobre a xestión das ofertas presentadas polos empregadores nos servizos públicos de emprego, e consideraranse como ocupacións as consignadas na Clasificación Nacional de Ocupacións en vigor.

A cualificación dunha ocupación como de difícil cobertura implica a posibilidade de tramitar a autorización para residir e traballar dirixida ao estranxeiro. Así mesmo, considerarase que a situación nacional de emprego permite a contratación nas ocupacións non cualificadas como de difícil cobertura cando o empregador acredite a dificultade de contratación do posto que se pretende cubrir, mediante a xestión da oferta de emprego presentada ante o servizo público de emprego concluída con resultado negativo. Para este efecto, o servizo público de emprego encargado da xestión emitirá, no prazo máximo de 15 días, unha certificación na cal se exprese que da xestión da oferta se conclúe a insuficiencia de demandantes de emprego adecuados e dispoñibles para aceptaren a oferta.

b) Que se garanta ao traballador unha actividade continuada durante o período de vixencia da autorización para residir e traballar.

c) Que as empresas solicitantes formalizasen a súa inscrición no correspondente réxime do sistema de seguranza social e estean ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguranza Social. Nos termos establecidos no artigo seguinte, poderase requirir, ademais, do empresario que acredite os medios económicos, materiais e persoais de que dispón para o seu proxecto empresarial.

d) Que as condicións fixadas na oferta de emprego se axusten ás establecidas pola normativa vixente para a mesma actividade, categoría profesional e localidade.

e) Que se posúa a titulación, se é o caso, debidamente homologada ou que se acredite a capacitación exixida para o exercicio da profesión.

4. Sen prexuízo do previsto na alínea a) do número anterior non se terá en conta a situación nacional de emprego nos supostos establecidos no artigo 40 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro. Igualmente, autorizarase a traballar sen atender á situación nacional de emprego aos nacionais de Estados cos cales se subscribisen convenios internacionais para tal efecto, así como aos nacionais de Estados non pertencentes á Unión Europea nin ao Espazo Económico Europeo enrolados en buques españois en virtude de acordos internacionais de pesca

marítima. Neste caso, concederáse validez de autorización para traballar ao duplicado da notificación de embarque ou renovación do contrato de tripulantes estranxeiros en buques españois.»

Tres. O número 1 do artigo 51 queda redactado como segue:

«1. O empregador ou empresario que pretenda contratar un traballador estranxeiro non residente en España deberá presentar persoalmente, ou a través de quen validamente teña atribuída a representación legal empresarial, a correspondente solicitude de autorización de residencia e traballo por conta allea ante o órgano competente para a súa tramitación da provincia onde se vaia exercer a actividade laboral.

A indicada solicitude de autorización inicial de residencia e traballo por conta allea presentárase ante o órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio se vaia desenvolver a relación laboral cando a dita comunidade autónoma tiver asumido competencias en materia de autorización inicial de traballo por conta allea. En tal caso, a solicitude poderase presentar naquelas oficinas do órgano competente para a súa tramitación dentro da provincia establecidas pola normativa autonómica.»

Catro. Queda suprimida a alínea g) do número 2 do artigo 51.

Cinco. O número 3 do artigo 51 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Recibida a solicitude, o órgano competente rexistrará, deixando constancia inmediata da súa presentación, e introducirá na aplicación informática correspondente, de tal maneira que permita que os órganos competentes para resolver poidan ter coñecemento da solicitude en tempo real.

A autoridade competente para resolver comprobará se concorre ou non algunha das causas de inadmisión a trámite que se recollen na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, na súa redacción dada pola Lei orgánica 14/2003, do 20 de novembro, e se aprecia a súa concorrencia resolverá de forma motivada declarando a inadmisión a trámite da solicitude.

Así mesmo, a autoridade competente para resolver comprobará se a solicitude se acompaña coa documentación exixida e que esta permite acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e de seguranza social e, se estiver incompleta ou non permitir acreditar os indicados aspectos, formulará ao solicitante o oportuno requirimento co fin de que se emenden os defectos observados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non emendárense no indicado prazo, terase por desistido da súa solicitude e procederase ao arquivo do seu expediente, para o cal se ditará a oportuna resolución.

Será órgano competente para resolver a inadmisión a trámite ou para declarar a desistencia e o arquivo das actuacións o órgano competente da correspondente comunidade autónoma cando tiver asumido competencias en materia de autorización inicial de traballo por conta allea, e debe resolver, en todo caso, de acordo co informe preceptivo e vinculante emitido polo correspondente órgano da Administración xeral do Estado sobre a concorrencia ou non das indicadas causas de inadmisión a trámite cando afecten a autorización de residencia.

As resolucións a que se refire o parágrafo anterior que dite o órgano correspondente da comunidade autónoma serán notificadas por este ao interesado na forma prevista na normativa en vigor, e introduciranse na aplicación informática correspondente, de tal maneira que permita o seu coñecemento por parte da Administración xeral do Estado en tempo real.

Os recursos que se poden interpor contra as resolucións que dite o órgano autonómico sobre inadmisión a trámite e desistencia e arquivo de actuacións serán resoltos polo órgano autonómico que sexa competente de acordo co informe preceptivo e vinculante emitido polo órgano correspondente da Administración xeral do Estado sobre a concorrencia ou non das causas de inadmisión cando afecten a

autorización de residencia. En todo caso, o citado órgano deberá introducir os recursos e as resolucións adoptadas na aplicación informática correspondente.»

Seis. O número 4 do artigo 51 queda redactado do seguinte modo:

«4. Admitida a trámite a solicitude, procederase á instrución do procedemento e á súa inmediata tramitación e solicitarase de oficio o informe ao respecto da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesouraría Xeral da Seguranza Social, dos servizos competentes da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil, e do Rexistro Central de Penados e Rebeldes. Estes informes serán emitidos no prazo máximo de dez días.

No caso de que corresponda á comunidade autónoma resolver sobre a autorización inicial de traballo por conta allea, será o órgano competente desta o que solicitará os informes da Administración tributaria, incluída, se é o caso, o da propia comunidade autónoma, e o da Seguranza Social co fin de comprobar que o empregador está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e de seguranza social, e o órgano competente da Administración xeral do Estado o que solicitará, simultaneamente, os informes da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil e do Rexistro Central de Penados e Rebeldes. Estes informes deberán ser emitidos no prazo indicado no parágrafo anterior.

A solicitude e emisión dos informes a que se refire este número realizaranse, sempre que sexa posible, por medios telemáticos.»

Sete. O número 5 do artigo 51 queda redactado nos seguintes termos:

«5. A autoridade competente, á vista da documentación presentada e dos informes obtidos, resolverá de forma motivada, atendendo aos requisitos previstos nesta sección, sobre a autorización de residencia e traballo solicitada, e notificaralla ao empregador para efectos de que, se é o caso, proceda ao aboamento das taxas que procedan no prazo correspondente.

Cando a comunidade autónoma tiver asumido competencias en materia de autorización inicial de traballo por conta allea, á vista da documentación presentada e dos informes obtidos, os órganos competentes da Administración xeral do Estado e da comunidade autónoma correspondente deberán ditar, de maneira coordinada e concordante, unha resolución conxunta denegando ou concedendo a correspondente autorización inicial de residencia e traballo por conta allea, que será asinada polos titulares dos órganos competentes de cada unha das administracións e expedida e notificada aos interesados polo órgano competente da comunidade autónoma.

En todo caso, a resolución conxunta será desfavorable se concorre algunha causa de denegación referida ben aos aspectos laborais ou ben aos de residencia e deberán recollerse nesta as causas específicas de denegación así como os órganos que, se é o caso, deban coñecer dun eventual recurso administrativo contra a resolución.

A autoridade competente introducirá de inmediato a resolución na aplicación informática correspondente de maneira que as autoridades dos organismos afectados, incluído o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e a misión diplomática ou oficina consular española correspondente ao lugar de residencia do traballador, teñan coñecemento dela en tempo real.

Cando a misión diplomática ou oficina consular competente non dispoña, por razón da súa localización xeográfica, dos medios técnicos necesarios para o acceso en tempo real á resolución mencionada no parágrafo anterior, os servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación daranlle traslado dela no prazo de vinte e catro horas desde a súa recepción.

Se a resolución é favorable suspenderase a súa eficacia ata a obtención do visado e ata a efectiva entrada do estranxeiro en España, e así se fará constar na propia resolución.

A resolución conxunta a que se fai referencia anteriormente poderá ser impugnada ante calquera dos órganos que a asinen, aínda que será resolta de forma conxunta e concordante polos titulares dos órganos competentes de ambas as administracións e notificada aos interesados polo órgano competente da comunidade autónoma.»

Oito. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 53, queda redactado nos seguintes termos:

«1. A autoridade ou autoridades competentes denegarán as autorizacións de residencia e traballo por conta allea nos supostos seguintes:»

Nove. Engádesse un punto novo ao artigo 53 co número 2, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Cando a comunidade autónoma teña atribuída a competencia executiva sobre tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo por conta allea, a apreciación de calquera das causas de denegación correspondentes tanto ao ámbito laboral como de residencia implicará a denegación da autorización inicial de residencia e traballo por parte de ambas as autoridades na forma prevista no artigo 51.»

Dez. O número 2 do artigo 53 pasará a ser o número 3.

Once. Engádense dous novos números, 5 bis) e 5 ter), ao artigo 54 coa seguinte redacción:

«5 bis). A autorización de residencia e traballo renovarase, así mesmo, á súa expiración cando o traballador acredite que se encontrou traballando e en alta na seguranza social durante un mínimo de nove meses nun período de doce, ou de dezaioito meses nun período de vinte e catro, sempre que a súa última relación laboral se interrompese por causas alleas á súa vontade, e buscase activamente emprego.

5 ter). Tamén procederá a renovación cando o cónxuxe cumprise cos requisitos económicos para reagrupar o traballador.»

Doce. O artigo 58 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 58. *Requisitos.*

1. Para a concesión dunha autorización de residencia temporal e de traballo por conta propia será necesario acreditar, en cada caso, os requisitos que se establecen neste artigo relativos ao ámbito da residencia e laboral, respectivamente.

2. Será necesario acreditar as seguintes condicións, relativas ao ámbito da residencia, referidas aos estranxeiros que pretenden traballar por conta propia:

- a) Que non se encontran irregularmente en territorio español.
- b) Que carecen de antecedentes penais en España e nos seus países anteriores de residencia por delitos existentes no ordenamento español.

3. Por outra parte será necesario acreditar as seguintes condicións relativas ao ámbito laboral:

a) Cumprir os requisitos que a lexislación vixente exige aos nacionais para a apertura e funcionamento da actividade proxectada.

b) Posuír a cualificación profesional exixible ou experiencia acreditada suficiente no exercicio da actividade profesional, así como a titulación necesaria para as profesións cuxo exercicio exixa homologación específica e, se é o caso a colexiación cando así se requira.

c) Acreditar que o investimento previsto para a implantación do proxecto sexa suficiente e a incidencia, se é o caso, na creación de emprego.

d) A certificación que demostre a colexiación, no caso do exercicio de actividades profesionais independentes que a exixan.

e) A previsión de que o exercicio da actividade producirá desde o primeiro ano recursos económicos suficientes polo menos para a manutención e aloxamento do interesado, unha vez deducidos os necesarios para o mantemento da actividade.»

Trece. O número 4 do artigo 59 queda redactado nos seguintes termos:

«4. Presentada en forma ou emendada a solicitude de autorización de residencia e traballo por conta propia, a misión diplomática ou a oficina consular ou, cando esta non dispoña dos medios técnicos necesarios, os servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, introducirán a solicitude no prazo de vinte e catro horas desde a súa recepción na aplicación informática correspondente, de maneira que as autoridades da Administración ou administracións competentes teñan coñecemento dela en tempo real e poidan impulsar a súa tramitación.

No caso de que o traslado da solicitude e da documentación correspondente non se poida realizar por medios telemáticos, a misión diplomática ou oficina consular tamén dará traslado físico dela, a través da Dirección Xeral de Asuntos e Asistencia Consulares, ao órgano competente da Administración xeral do Estado ou ao da comunidade autónoma en cuxo territorio solicite a residencia o estranxeiro, se esta tiver asumido competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo por conta propia.»

Catorce. O número 5 do artigo 59, queda redactado do seguinte modo:

«5. O órgano competente da Administración xeral do Estado verificará que os solicitantes carecen de antecedentes penais e non se encontran irregularmente en España, e solicitará de oficio o informe policial e do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, así como informes doutros organismos sobre os respectivos ámbitos da súa competencia. Estes informes serán emitidos no prazo de dez días.

Cando a comunidade autónoma en que o estranxeiro solicite a residencia e a autorización inicial de traballo tiver asumido competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo por conta propia, corresponderá ao órgano autonómico competente verificar o cumprimento dos requisitos correspondentes ao ámbito laboral e, simultaneamente, ao competente da Administración xeral do Estado os relativos ao ámbito da residencia.»

Quince. O número 6 do artigo 59 queda redactado nos seguintes termos:

«6. A autoridade competente, á vista da documentación presentada e dos informes obtidos, resolverá o que proceda sobre a solicitude.

Cando a comunidade autónoma correspondente tiver atribuídas competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo por conta propia, os órganos competentes desta e da Administración xeral do Estado, á vista da documentación presentada e dos informes obtidos, ditarán de maneira coordinada e concordante resolución conxunta denegando ou concedendo a correspondente autorización inicial de residencia e traballo por conta propia, que será asinada polos titulares dos indicados órganos competentes.

En todo caso, a resolución conxunta será desfavorable se concorre algunha causa de denegación referida quer aos aspectos laborais quer aos de residencia, e deberanse recoller nela as causas específicas de denegación, así como o órgano que, se é o caso, deba coñecer dun eventual recurso administrativo contra a resolución.

A resolución conxunta poderá ser impugnada ante calquera dos órganos que a asinen, aínda que será resolta de forma conxunta e concordante polos titulares dos órganos competentes de ambas as administracións e será notificada aos interesados pola misión diplomática ou oficina consular.»

Dezaseis. O número 7 do artigo 59 queda redactado nos seguintes termos:

«7. En caso de concesión da autorización inicial de residencia e traballo por conta propia, a autoridade competente, que será a autonómica cando teña competencias en materia de autorización inicial de traballo por conta propia, deberá introducir de inmediato a resolución favorable na aplicación informática correspondente de maneira que as autoridades da Administración ou administracións afectadas teñan coñecemento en tempo real dela, e condicionará a súa vixencia á solicitude e, se é o caso, á expedición do visado e efectiva entrada do traballador en territorio español.

Cando a misión diplomática ou oficina consular competente non dispoña, por razón da súa localización xeográfica, dos medios técnicos necesarios para o acceso en tempo real á resolución mencionada no parágrafo anterior, os servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación daránlle traslado desta no prazo de vinte e catro horas desde a súa recepción.

A misión diplomática ou oficina consular notificaralle ao interesado a resolución sobre a solicitude de autorización de residencia e traballo por conta propia, con indicación, se é o caso, do feito impoñible da taxa para a súa aboamento previo á solicitude de visado.»

Dezasete. O número 2 do artigo 60 queda redactado da seguinte maneira:

«2. A autorización inicial de residencia e traballo por conta propia terá unha duración dun ano e poderase limitar a un ámbito xeográfico e sector de actividade determinado nos termos establecidos na normativa estatal aplicable.

Cando a comunidade autónoma tivese recoñecidas competencias en materia de autorización inicial de traballo poderá fixar o ámbito xeográfico da autorización inicial dentro do seu territorio.»

Dezaioito. O artigo 61 queda redactado nos seguintes termos:

«A autoridade ou autoridades competentes denegarán a autorización inicial de residencia e traballo por conta propia cando non se cumpran os requisitos establecidos nesta sección para a súa concesión ou se dea a concorrencia dalgunha circunstancia prevista no artigo 53.1, alíneas a), f), g), h), i) ou j).»

Dezanove. Modifícase o número 1 do artigo 62, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A autorización de residencia e traballo por conta propia poderá ser renovada:

a) Á súa expiración cando se acredite tanto a continuidade na actividade que deu lugar á autorización que se renova como o cumprimento das obrigas tributarias e de seguranza social.

b) Cando o cónxuxe cumprise cos requisitos económicos para reagrupar o traballador.»

Vinte. Engádesse un novo número 5 ao artigo 79, coa seguinte redacción:

«5. Cando corresponda á Administración autonómica a competencia executiva sobre tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo por conta allea, o acordo de continxente establecerá a súa intervención nos trámites de carácter laboral, así como na recepción de solicitudes, admisión a trámite, comprobación dos requisitos laborais, emisión de informe sobre estes e a súa remisión á Dirección Xeral de Inmigración para a continuación dos trámites. O procedemento que se estableza para resolver a autorización solicitada establecerá que os órganos competentes da comunidade autónoma e da Administración xeral do Estado ditén, de maneira coordinada e concordante, unha resolución conxunta, denegando ou concedendo a correspondente autorización inicial de residencia e traballo por conta allea, que será asinada polos titulares de cada unha das administracións competentes,

e expedida e notificada ao solicitante polo órgano autonómico segundo o previsto no artigo 51.5 deste regulamento.»

Vinte e un. Engádesse un novo número 3 ao artigo 81, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Cando corresponda á Administración autonómica a competencia executiva sobre tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo por conta allea, o acordo de continxente establecerá a intervención das autoridades da comunidade autónoma referidas á recepción de solicitudes de autorización de residencia e traballo, admisión a trámite e verificación dos requisitos laborais. Así mesmo, o procedemento que se estableza no acordo de continxente establecerá que a resolución da solicitude de autorización de residencia e traballo inicial tramitada a través do procedemento de continxente, que deberá ser concordante, sexa ditada de maneira conxunta polos órganos competentes da comunidade autónoma e da Administración xeral do Estado, concedendo ou denegando a correspondente autorización, que será asinada polos titulares dos órganos competentes de cada unha das administracións, e expedida e notificada ao solicitante polo órgano autonómico segundo o previsto no artigo 51.5 deste regulamento.»

Vinte e dous. O número 2 do artigo 84 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Na súa concesión inicial e sucesivas renovacións observarase o disposto nos artigos que establecen as condicións para a concesión da autorización de traballo que proceda e a súa renovación. Así mesmo, cando a competencia executiva en materia de autorización inicial de traballo por conta propia e allea corresponda á Administración autonómica, esta será competente para a admisión, tramitación, resolución de solicitudes e, eventualmente, dos recursos administrativos, de acordo co previsto neste regulamento para cada tipo de autorización.»

Vinte e tres. O primeiro parágrafo do número 1 do artigo 90 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os estranxeiros que dispoñan do correspondente visado de estudos poderán ser autorizados a realizar actividades lucrativas laborais, en institucións públicas ou entidades privadas, cando o empregador como suxeito lexitimado presente a solicitude de autorización de traballo e se cumpran, con carácter xeral, os requisitos previstos no artigo 50, excepto o número 2.b) e o número 3.a).»

Vinte e catro. O número 3 do artigo 90, queda redactado nos seguintes termos:

«3. A autorización que se conceda non terá limitacións xeográficas, salvo que a actividade lucrativa coincida con períodos lectivos; en tal caso, limitarase ao ámbito territorial de residencia do seu titular. Cando a relación laboral se inicie e desenvolva no ámbito territorial dunha soa comunidade autónoma e esta asumise a competencia executiva sobre tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo por conta propia e allea, corresponderá aos órganos competentes da comunidade autónoma a admisión, tramitación, resolución de solicitudes e, eventualmente, dos recursos administrativos, de acordo co previsto neste regulamento para a autorización inicial de traballo por conta allea.»

Vinte e cinco. Engádesse un novo número 5 ao artigo 90, que queda redactado do seguinte modo:

«5. Cando a relación laboral cuxa autorización se solicite se inicie e desenvolva no territorio dunha comunidade autónoma que teña atribuída a competencia en materia de autorización inicial de traballo, esta será competente para a súa resolución.»

Vinte e seis. O número 1 do artigo 95 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os estranxeiros que se encontren en España en situación de estada por estudos poderán acceder á situación de residencia e traballo sen necesidade de solicitaren visado cando o empregador, como suxeito lexitimado, presente a solicitude de autorización para residir e traballar e se cumpran os requisitos laborais exixidos no artigo 50, excepto o número 3.a), e se acredite, ademais, que o estranxeiro:

- a) Permaneceu en España durante polo menos tres anos na situación de estada por estudos.
- b) Realizou os estudos ou o traballo de investigación con aproveitamento.
- c) Non recibiu bolsa nin subvención de organismos públicos ou privados dentro de programas de cooperación ou de desenvolvemento do país de orixe.

O estudante ou investigador que se acolla a esta posibilidade poderá igualmente solicitar unha autorización de residencia a favor dos familiares en situación de estada previstos no artigo 89 que se encontren convivindo con el no momento da solicitude, sempre e cando acredite suficiencia económica e dispoñibilidade de vivenda adecuada, nos termos establecidos para a reagrupación familiar no artigo 42.2.d) e e).»

Vinte e sete. O artigo 96 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 96. *Da situación de residencia á situación de residencia e traballo por conta propia ou allea.*

1. Os estranxeiros que se encontren en España durante polo menos un ano en situación de residencia legal poderán acceder á situación de residencia e traballo por conta allea cando o empregador, como suxeito lexitimado, presente a solicitude de autorización para residir e traballar e se cumpran os requisitos laborais exixidos no artigo 50, excepto o número 2.b) e o número 3.a). Excepcionalmente, poderá acceder á situación de residencia e traballo, sen necesidade de que transcorrese o prazo dun ano, o estranxeiro que acredite unha necesidade por circunstancias sobrevidas de traballar para garantir a súa subsistencia.

2. No caso de que se pretenda exercer unha actividade por conta propia, requirirase o cumprimento dos requisitos do artigo 58, excepto o número 2.b).

3. Os estranxeiros en situación de residencia por teren sido reagrupados, así como o cónxuxe que accede a unha autorización de residencia temporal independente pola vía prevista no artigo 41.2, poderán acceder á autorización de residencia e traballo sen necesidade de que se cumpra o prazo de residencia legal establecido no número 1 deste artigo.

4. A eficacia da autorización de traballo concedida estará condicionada á posterior afiliación e/ou alta do traballador na seguranza social no prazo dun mes desde a notificación realizada ao solicitante. Cumprida a condición, a autorización comezará o seu período de vixencia.

Os órganos competentes da Seguranza Social comunicarán de forma inmediata aos órganos competentes para a concesión da autorización de residencia e traballo a afiliación e/ou alta de traballadores estranxeiros que conten coa autorización correspondente.

5. Os estranxeiros titulares dun certificado de rexistro como cidadán comunitario ou dunha tarxeta de residencia de familiar dun cidadán da Unión, cando cesen en tal condición poderán obter, se cumpren os requisitos establecidos para o efecto, a excepción do visado, unha autorización de residencia e traballo por conta allea ou conta propia, do tempo que corresponda, en función da duración da documentación de que foren titulares.»

Vinte e oito. O número 3 do artigo 98 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Nos demais casos o empregador será o suxeito lexitimado para presentar a solicitude de autorización de residencia e traballo e exixiranse os requisitos

laborais previstos no artigo 50, excepto o número 2.b) e o número 3.a). A eficacia da autorización de residencia e traballo concedida estará condicionada á posterior afiliación e alta do traballador na seguranza social no prazo dun mes desde a notificación realizada ao solicitante. Cumprida a condición, a autorización comezará o seu período de vixencia

Os órganos competentes da Seguranza Social comunicarán de forma inmediata aos órganos competentes para a concesión da autorización de residencia e traballo a afiliación e/ou alta de traballadores estranxeiros que contan coa autorización correspondente.»

Vinte e nove. O número 5 do artigo 98 queda redactado como segue:

«5. No caso de que se pretenda exercer unha actividade por conta propia, requirírase o cumprimento dos requisitos do artigo 58, excepto o número 2.b).»

Trinta. O artigo 99 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 99. *Modificacións da autorización de residencia e traballo.*

1. No caso das autorizacións iniciais, o órgano competente que concedeu a autorización inicial para residir e traballar por conta allea ou conta propia poderá modificar o seu alcance en canto á actividade laboral e ámbito territorial autorizados, sempre a pedimento do seu titular.

No caso de que se trate dunha modificación de actividade laboral, terase en conta o previsto no artigo 50.3.a) e resolverase a solicitude á vista do oportuno informe preceptivo e vinculante en relación coa situación nacional de emprego.

2. As autorizacións de residencia e traballo por conta propia e por conta allea poderán modificarse, respectivamente, en autorizacións de traballo por conta allea e por conta propia, por solicitude do interesado, sempre que se lle renovase xa a súa autorización inicial ou que presente a solicitude no momento en que corresponda solicitar a renovación da autorización de que é titular e reúna as condicións seguintes:

a) No caso das modificacións de conta allea a conta propia, autorizaranse se se reúnen os requisitos establecidos no artigo 58 e se ten constancia da realización habitual de actividade laboral durante o período de vixencia da autorización por un período igual ao que correspondería se pretendese a súa renovación.

b) No caso das modificacións de conta propia a conta allea, autorizaranse se se subscribiu un contrato de traballo que xustifique a nova actividade laboral do traballador, sempre que se teña constancia do cumprimento das obrigas tributarias e de seguranza social da súa anterior actividade profesional.

Excepcionalmente, poderá acceder á modificación da autorización inicial de residencia temporal e traballo, sen necesidade de que chegase o momento da súa renovación, o estranxeiro que acredite unha necesidade por circunstancias sobrevidas para garantir a súa subsistencia, como o feito de que, por causas alleas á súa vontade, cesase a actividade por conta propia ou se interrompese a relación laboral por conta allea.

3. A nova autorización non ampliará a vixencia da autorización modificada.

Cando se trate de modificacións solicitadas no momento da renovación da autorización de que é titular, a súa vixencia será a que correspondería á súa renovación.»

Trinta e un. Engádesse un artigo novo, co número 99 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 99 bis. *Intervención das comunidades autónomas na modificación de autorizacións*

1. Cando a Administración autonómica teña atribuída a competencia executiva sobre tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo por conta allea e por conta propia, porque a relación de traballo se inicie e se desenvolva no territorio da comunidade autónoma, corresponderá aos órganos competentes desta a recepción de solicitudes e a resolución da autorización laboral nos seguintes supostos:

a) A autorización para traballar por conta allea dos familiares previamente reagrupados, sempre que o contrato de traballo que xustifique a solicitude reflicta unha retribución inferior ao salario mínimo interprofesional a tempo completo en cómputo anual, por ser este a tempo completo pero con duración inferior a un ano, ou por ser a tempo parcial. A autorización para traballar reflectirase na tarxeta de identidade de estranxeiro pero non implicará a modificación da autorización de residencia do reagrupado, que non será independente do reagrupante ata que se cumpran os requisitos legalmente previstos.

b) A autorización de residencia e traballo nas cales se alega ser fillo ou cónxuxe do estranxeiro con autorización renovada, fillo de español naturalizado ou de cidadán comunitario cun ano de residencia, prevista no artigo 96.3 e 5, deste regulamento.

c) A autorización de residencia e traballo solicitada como consecuencia da modificación da situación de estadía por estudos, de residencia ou de residencia por circunstancias excepcionais, así como a concesión da compatibilidade das autorizacións de traballo por conta propia e por conta allea ou da mutación dunha noutra.

2. Cando a modificación implique unha nova autorización de residencia e traballo, seguirase o procedemento previsto polo artigo 51 deste regulamento. En todos os casos, a Administración autonómica rexistrará as solicitudes presentadas, en trámite e resoltas, na aplicación informática correspondente, garantindo a súa coñecemento en tempo real pola Administración xeral do Estado.»

Disposición adicional primeira. *Supostos específicos.*

En caso de corresponder á Administración autonómica a competencia executiva sobre tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo, o previsto en canto ao procedemento para tales autorizacións no Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, será de aplicación aos supostos específicos previstos no artigo 40. d), e), f), g), h), i), j) e l) da citada Lei orgánica 4/2000, e no artigo 55.2 c) do regulamento desa lei. A tramitación e resolución das solicitudes de autorización de traballo nestes supostos realizarase en coordinación co órgano da Administración xeral do Estado competente en materia de residencia, nos termos previstos no artigo 51 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, segundo a redacción dada a este polo presente real decreto.

Disposición adicional segunda. *Exercicio da competencia executiva en materia de autorización de traballo inicial por conta propia e allea das comunidades autónomas.*

1. As autorizacións iniciais de autorización de residencia e traballo por conta propia ou allea non poderán exceder, salvo nos casos legalmente previstos, o seu ámbito xeográfico.

2. Naquelas comunidades autónomas con réxime de cooficialidade lingüística, as resolucións conxuntas ditadas polos órganos competentes de ambas as administracións serano en castelán e na lingua cooficial no territorio da comunidade autónoma, e existirán modelos oficiais de solicitude bilingües, garantíndose o uso das linguas oficiais do Estado nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na normativa que en cada caso resulte de aplicación.

Disposición adicional terceira. *Aplicación informática para a tramitación de procedementos.*

O Ministerio de Traballo e Inmigración, coordinando os restantes departamentos competentes, impulsará a implantación definitiva da aplicación informática común a que fai referencia a disposición derradeira segunda do Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Implantada esta aplicación informática, as mencións sobre intercambios de información entre órganos da Administración xeral do Estado, para a tramitación das distintas fases dos procedementos en materia de estranxeiría e inmigración, entenderanse feitas a alertas de finalización dunha fase e posibilidade, se é o caso, de comezo da seguinte.

Cando a misión diplomática ou oficina consular competente non dispoña, por razón da súa localización xeográfica, dos medios técnicos necesarios para a conexión en tempo real á aplicación informática común, realizaranse transferencias de información entre estes órganos e a aplicación, con periodicidade diaria.

Sen prexuízo doutras utilidades, e de conformidade coa vixente normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, o acceso á aplicación informática común deberá permitir:

a) A introdución e modificación de datos e informes por parte de cada departamento ministerial, nos exclusivos ámbitos da súa competencia, en cada fase da tramitación dos expedientes de estranxeiría.

b) A comunicación entre calquera dos implicados, para coñecer o estado de tramitación do expediente e posibilitar a súa continuación.

c) A consulta en tempo real tanto dos expedientes en trámite, sen posibilidade de modificación, como dos expedientes concluídos, por parte dos órganos competentes dos distintos departamentos ministeriais, incluídas as misións diplomáticas ou oficinas consulares. En cada departamento ministerial estableceranse, en función das necesidades, diferentes niveis de acceso para consulta das informacións contidas na aplicación informática. Na medida en que quede garantida a protección de datos de carácter persoal e en que as condicións técnicas o permitan, procurarase facilitar a consulta por parte do interesado, a través de conexións da internet, do estado de tramitación dos expedientes.

d) A obtención de datos actualizados para o cumprimento das funcións de observación permanente das magnitudes e características máis significativas do fenómeno inmigratorio, para analizar o seu impacto na sociedade española e facilitar información obxectiva e contrastada que evite ou dificulte a aparición de correntes xenófobas ou racistas.

En todos os procedementos, sempre que sexa posible, daráselle preferencia á utilización e ao envío de documentos en soporte electrónico en lugar do soporte físico, así como á notificación electrónica, aínda que con pleno respecto á exigencia de comparecencia persoal establecida na disposición adicional terceira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e nas disposicións adicionais terceira e cuarta do seu regulamento.

Disposición adicional cuarta. *Xestión informática nos procedementos con intervención das comunidades autónomas.*

Para os efectos de asegurar a necesaria coordinación dos órganos competentes da Administración xeral do Estado cos das comunidades autónomas, a xestión electrónica dos procedementos de autorizacións iniciais de traballo por conta propia ou allea dos estranxeiros será realizada polas ditas administracións mediante aplicacións informáticas que respondan a formatos e estándares comúns, e que aseguren a interoperabilidade, a seguranza, a conservación e a normalización da información e dos datos necesarios para o exercicio das súas competencias. Para tales efectos, a xestión electrónica de procedementos debe permitir:

a) A actualización en tempo real da base de datos da Administración xeral do Estado en cada fase de tramitación dos expedientes que supoñan a introdución e modificación de datos e informes por cada administración competente.

b) O acceso e a consulta das administracións competentes, incluídas as misións diplomáticas ou oficinas consulares, do estado de tramitación dos expedientes.

Segundo as súas necesidades organizativas e de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, as administracións competentes poderán establecer diferentes niveis de acceso para a consulta dos datos e informes recollidos na tramitación electrónica dos procedementos.

c) Aintercomunicabilidade e o intercambio de datos e informes entre as administracións competentes cando sexan necesarios para a tramitación e resolución dos expedientes de autorización inicial de traballo por conta propia ou allea.

As condicións e garantías das comunicacións e o intercambio de datos e informes entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas fixaranse nun convenio de colaboración.

d) A obtención de datos actualizados para o cumprimento das funcións de observación permanente das magnitudes e características máis significativas do fenómeno inmigratorio, para analizar o seu impacto na sociedade española e facilitar información obxectiva e contrastada, de conformidade co disposto polo artigo 67 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e o Real decreto 345/2001, do 4 de abril, polo que se regula o Observatorio Permanente da Inmigración.

Disposición transitoria única. *Solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor da modificación do regulamento.*

As solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor das modificacións que se introducen mediante este real decreto no Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, tramitaranse e resolveranse conforme a normativa que estivese vixente na data da súa presentación.

O establecido nos artigos 54, 62 e 99 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, será tamén de aplicación aos estranxeiros que, cumprindo estes requisitos, iniciasen o procedemento para a renovación da autorización de residencia e traballo con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, sempre e cando a súa solicitude estea pendente de resolución ou esta non sexa firme.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa e título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.2 e 149.1.7 da Constitución, facendo uso da habilitación normativa que se lle confire ao Goberno na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ